

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ORDE do 28 de xullo de 2011 pola que se nomean funcionarios en prácticas os opositores seleccionados no proceso selectivo para ingreso e acceso ao corpo de profesores de artes plásticas e deseño e de mestres e procedemento de adquisición de novas especialidades polo persoal funcionario de carreira dos anteditos corpos da Comunidade Autónoma de Galicia, convocado pola Orde do 8 de abril de 2011 (Diario Oficial de Galicia do 11 de abril).

Pola Orde do 8 de abril de 2011 (DOG do 11 de abril) convocouse proceso selectivo para ingreso e acceso ao corpo de profesores de artes plásticas e deseño e de mestres e procedemento de adquisición de novas especialidades polo persoal funcionario de carreira dos anteditos corpos da Comunidade Autónoma de Galicia.

Sen prexuízo do establecido na base décimo segunda, puntos 1 e 4 da Orde do 8 de abril de 2011 (DOG do 11 de abril), tendo en conta as necesidades do servizo e de conformidade co disposto na base décimo cuarta da citada orde, os aspirantes que resultaron seleccionados deben realizar un período de prácticas, que formará parte do proceso selectivo e terá por obxecto a valoración da súa aptitude para a docencia.

Existindo vacantes dotadas orzamentariamente, procede nomear funcionarios en prácticas os opositores que foron destinados a aquelas.

Na súa virtude, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

DISPÓN:

Primeiro. Nomear funcionarios en prácticas os aspirantes que se relacionan no anexo I da Orde do 27 de xullo de 2011 pola que se fai pública a lista dos opositores seleccionados no proceso selectivo convocado pola Orde do 8 de abril de 2011 (DOG do 11 de abril) para ingreso e acceso ao corpo de profesores de artes plásticas e deseño e de mestres e procedemento de adquisición de novas especialidades polo persoal funcionario de carreira dos anteditos corpos da Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo. Nomear funcionarios en prácticas do corpo de mestras/mestres as aspirantes Ana Barreiro Camiña e Beatriz Teixeira Presas seleccionadas no procedemento selectivo de 2010, así como a Daniel Blanco Chapela do corpo de profesores de ensino secundario,

seleccionado no procedemento selectivo de 2008, que tiñan concedido o aprazamento da fase de prácticas.

Terceiro. O nomeamento como funcionario en prácticas producirá efectos económicos e administrativos desde a súa toma de posesión.

Cuarto. O réxime retributivo dos funcionarios en prácticas será o establecido no Real decreto 456/1986, do 10 de febreiro (BOE do 6 de marzo), modificado polo Real decreto 213/2003, do 21 de febreiro (BOE do 1 de marzo), polo que se fixan as retribucións dos funcionarios en prácticas.

Quinto. Os funcionarios en prácticas que xa estean prestando servicios remunerados na Administración como funcionarios de carreira ou interinos, contratados administrativos ou como persoal laboral, sen prexuízo da situación administrativa ou laboral que de acordo coa normativa vixente lles corresponda, deberán formular opción para a percepción das remuneracións en tanto persista a súa condición de funcionario en práctica, de conformidade co disposto no Real decreto 456/1986, do 10 de febreiro (BOE do 6 de marzo), modificado polo Real decreto 213/2003, do 21 de febreiro (BOE do 1 marzo).

Sexto. De conformidade co establecido no número 13.5 da orde de convocatoria, presúmese que o profesorado interino que percibe trienios e resulta nomeado funcionario en prácticas dun corpo do mesmo grupo en que prestaba servizos, opta pola remuneración das retribucións correspondentes a funcionario interino, sen prexuízo da súa inclusión no réxime especial da seguridade social dos funcionarios públicos.

Sétimo. A Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos adoptará todas as medidas e ditará as instrucións que coide oportunas para o desenvolvemento da presente orde.

Santiago de Compostela, 28 de xullo de 2011.

Jesús Vázquez Abad
Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria